

DA ESCOLA AO MUSEO - PROXECTO EDUCATIVO

- **Da escola ao Museo** é unha proposta educativa que xurde desde o museo con fin de achegar o fermoso mundo dos museos ás escolas, dando a coñecer e poñendo en valor a importante misión educativa, cultural e patrimonial dos museos.
- Desde hai varias décadas, os museos están a vivir un proceso de apertura cara a sociedade. Os museos de hoxe en día son lugar aberto a sociedade, participativo, no que a comunidade -entre ela, as **escolas e o público infantil**- ten moito que dicir.
- Trátase dunha **proposta flexible**, para que os mestres e mestras poidan adaptala aos seus intereses educativos. O número de sesións non está prefixado, dependerá en cada caso das dimensións e a profundidade que o propio profesorado queira propoñer.
- O proxecto, en principio, implica ás **áreas de educación artística e ciencias sociais**. Aínda que pode ser modificado polo profesorado para traballar contidos doutras áreas.
- Da escola ao museo é un proxecto deseñado para **primeiro e segundo de primaria**, aínda que pode ser adaptado a outros niveis do sistema educativo.
- No proxecto propoñemos unha serie de **pasos** que, en todo caso, poden ser modificados e ampliados polo profesorado interesado en traballar partindo desta idea.
- Para a realización do proxecto, propoñemos unha **metodoloxía** baseada no autodescubrimento guiado, que implica o uso das TIC, a creatividade plástica e que complementa o traballo na aula coa visita ao museo e a participación no ámbito familiar.

ETAPAS DO PROXECTO

PASO 1 – ESPERTANDO A CURIOSIDADE

Antes da visita ao museo, unha vez que está programada e anunciada, xorden unha serie de **preguntas** na aula acerca dos museo en xeral, e do Museo de Belas Artes en particular. As preguntas deben ser feitas polos propios alumnos, coa axuda do mestre.

A continuación, recollemos algunhas desas dúbidas que poden formular os nenos e nenas :

- . Que é un museo?
- . Que museos existen no noso contorno?
- . Cales son os traballos que se fan no museo?
- . Son todos os museos iguais?
- . Que tipos de museos existen?
- . Que imos ver no museo de Belas Artes?

Neste primeiro paso simplemente se formulan as preguntas. As respostas irán aparecendo ao longo do desenvolvemento do proxecto.

PASO 2 - EXPLORADORES NO MUSEO

. Durante a **visita ao museo**, na que o alumnado descubrirá o propio edificio e tamén as coleccións, formularanse todas aquelas preguntas que teñen preparadas os nenos e nenas, anotando neste caso as respostas. Así mesmo, os educadores do museo poderán formular novas cuestións que esperten a curiosidade do alumnado, e que lles inviten a afondar e a implicarse no proxecto:

- . Por que hai tantas obras de arte no museo?
- . Como chegan ata aquí?
- . Por que están nunha ou noutra sala?
- . Como as coidamos?

...

Outra das actividades da visita é fixarse no nome e na obra dalgún artista en concreto. Esta actividade garda relación co PASO 4.

PASO 3 - INVESTIGADORES NA ESCOLA E NA FAMILIA

Esta fase abrangue dous ámbitos. A escola e a familia.

Na escola, o alumnado terá que facer unha investigación que dea resposta as cuestións formuladas. Suxerimos que se traballen diferentes aspectos do mundo dos museos por agrupamentos. Por exemplo:

a/ os artistas: tipos de artistas (debuxantes, pintores, escultores, ceramistas, gravadores, arquitectos...), ferramentas que empregan, procesos do seu traballo...

b/ Interpretación das exposicións nos museos: marcos, cartelas, información das cartelas, textos explicativos, educadores, orde das pezas (por temas, por épocas, etc)...

c/ Tipos de museos e as súas exposicións: belas artes, arqueoloxía, ciencia, arte contemporánea

d/ Os museos do noso contorno: cales son?, onde están? Que expoñen?...

Cada grupo pode facer un cartafol, un mural, unha pequena maqueta, etc . na que se acheguen as conclusións da súa procura de información.

Na familia. Levar un pequeno cuestionario e consultar diversos aspectos á familia. Por exemplo: Que museos coñecen? Cando foron? Que pezas recordan neles?

Poñer en común este “traballo de campo” e facer un álbum ou exposición con fotografías da familia ou sacadas de internet nas que aparezan eses museos e as súas obras senlleiras.

A familia ao museo: Outra das ideas do proxecto e que sirva de motivación para que as familias vaian cos seus fillos aos museos. Proporase que durante unha fin de semana as familias visiten un museo do seu contorno. O alumnado porá en común a súa experiencia na aula.

PASO 4 – PEQUENOS ARTISTAS

Tras a visita ao museo e a actividade de investigación, chega a parte máis creativa do proxecto. Hai que **escoller un artista**, que pode ser algún dos que teñen obra no Museo de Belas Artes, algún que se traballe este ano na materia de plástica, algún polo que o alumnado ou o profesorado teña preferencia, etc.

Pódese traballar con un ou varios artistas para toda a aula, por agrupamentos ou ben individualmente.

A/ o primeiro é coñecer algunhas cousas sobre ese artistas. Algúns detalles biográficos, obras máis coñecidas, etc.

B/ Comentar, de xeito moi básico, as características da súa obra a partir de proxeccións ou impresións de cadros (ou esculturas) do artista escollido. (Se se escolle un artista representado no museo, os educadores do propio museo poden achegar información didáctica sobre o mesmo ao alumnado).

C/ Facer un debuxo, collage, peza escultórica, etc. baseada na obra do artista escollido, empregando diferentes procedementos e técnicas.

PASO 5 - SOÑAMOS UN MUSEO

Coas diferentes creacións artísticas dos nenos e nenas, imos crear unha **exposición**, neste caso temporal, dentro do propio centro educativo (a aula, os corredores, algunha sala habilitada...)

Aspectos a tratar:

. Como se colocan as pezas: cadros nas paredes, obxectos pequenos en vitrinas, esculturas en peanas, etc. A altura das pezas, en paralelo, xuntalas por temas, etc.

. Un título para a obra, un pequeno texto explicativo e cada peza coa súa cartela.

. Pequenas nocións de conservación: non poñer un debuxo diante dunha xanela na que dá o sol, que o lugar de exposición non sexa moi húmido, manipular os materiais con coidado, etc.

Traballos:

A/ Facer marcos ou peanas e cartelas para as pezas da exposición.

B/ Organizar a exposición, colocando as pezas segundo un criterio establecido.

C/ traballar con outros elementos propios das exposicións, como un pequeno texto de sala, ou gravacións de voz que sirvan de audioguías, etc.

6 - INAUGURAMOS A EXPOSICIÓN

Faise unha **inauguración**, cada alumno explica a súa obra e se recolle en diferentes soportes (blog, murais, albums, etc) o proceso creativo e de descuberta do proxecto. As veces, nas inauguracións acode moita xente, hai discursos, unha pequena merenda, etc. Poden participar os outros alumnos e alumnas do colexio, e tamén os pais.

As pezas quedan expostas durante un tempo determinado.

O proceso final sería **desmontar** os diferentes elementos que a compoñen. A través da propia Web do Museo, e tamén das redes sociais, daremos a coñecer o voso proxecto de museo na aula.

INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO EDUCATIVO

*Currículo educativo de primaria (decreto 105/2014)

OBXECTIVOS DE PRIMARIA

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

COMPETENCIAS BÁSICAS

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

CONTIDOS EDUCATIVOS

Área de Educación Artística

Primeiro curso

- B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións das obras plásticas.
- B1.9. Observación da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos, e comentarios posteriores sobre elas.
- B1.10. Expresión oral das impresións que a obra artística xera.
- B2.1. Uso de diferentes formas, texturas e cores nas producións.
- B2.2. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, ilustracións, volumes, encartado de formas etc.
- B2.4. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras.

Segundo curso

- B1.3. Observación comentario da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos.
- B1.4. Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contexto. Identificación de nomes da profesión artística.
- B1.5. Descrición de imaxes presentes no contexto.
- B1.6. Exploración dos elementos plásticos nas imaxes (ilustracións, fotografías, cromos, carteis, logos etc.).
- B1.11. Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes B2.3. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións etc.
- B2.1. Exploración de cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre diversos soportes.
- B2.8. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas.
- B2.11. Interese polo traballo individual e colectivo confiando nas posibilidades da produción artística.
- B2.12. Respecto polas contribucións dos compañeiros e das compañeiras, e disposición para resolver as diferenzas.

Área de Ciencias sociais

Primeiro curso

- B1.2. Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.
- B1.3. Introducción no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións.
- B1.4. Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos.
- B1.5. O traballo en equipo.
- B3.7. Manifestacións culturais da contorna.

Segundo curso

- B1.2. Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.
- B1.3. Introducción no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións.
- B1.4. Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos. B1.5. O traballo en equipo.
- B3.3. Investigación sobre as diferentes manifestacións culturais da contorna.
- B4.4. O patrimonio histórico, cultural e artístico. Coidado e conservación.
- B4.5. Os museos como espazo de aprendizaxe e de goce.

AVALIACIÓN

Propoñemos unha avaliación continua ao longo de todo o proxecto, que teña en conta os seguintes criterios de avaliación recollidos no Decreto 105/2014

Área de educación artística

Primeiro curso

B1.1. Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica.

B1.2. Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final.

B1.4. Usar léxico sinxelo e adecuado para comentar as obras plásticas propias e alleas.

B1.5. Identificar diferentes formas de representación do espazo. **B2.1.** Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.

B2.2. Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.

B2.3. Respetar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos.

Segundo curso

B1.1. Identificar as diferentes materiais e formas de expresión plástica.

B1.2. Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística.

B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.).

B2.3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas.

B2.6. Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais.

B2.7. Coidar, respetar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos.

B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo.

Área de Ciencias Sociais

Primeiro curso

B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.

B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.

B3.8. Coñecer algunha das grandes manifestacións culturais que se celebran na escola valorando a súa diversidade e contribuíndo á súa conservación.

Segundo curso

B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.

B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.

B3.5. Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación.

B4.1. Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.

B4.4. Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia da súa conservación.

B4.5. Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas.